



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Admisión a ciclos formativos de formación profesional 2018-2019

Información importante. Réxime para persoas adultas

1. Presentación da solicitude

Deberá cubrirse unha única solicitude para cada modalidade e grao utilizando o asistente informático que estará dispoñible en www.edu.xunta.es/fp. A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación e da necesidade de entregar o impreso obtido, xunto coa documentación, en calquera centro de Galicia con oferta de FP sostida con fondos públicos. **A solicitude non terá validez se non está selada, datada e validada polo centro**, agás no caso de que a aplicación indique que a solicitude está validada e que non é preciso entregala nun centro.

No caso de se detectar erros na instancia validada, e durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión que en cada caso substituirán á última validada.

Os datos das solicitudes admitidas e excluídas publícanse nas listaxes de solicitudes provisional e definitiva, non son listaxes de prazas adxudicadas.

2. Adxudicación de praza

As prazas adxudicadas publícanse nas listaxes de adxudicación. As persoas con praza adxudicada poden:

- **Matricularse:** deberase facer **no centro adxudicado e nos prazos establecidos**. Quedará en lista de espera dos módulos do ciclo no que se matricule e que non foran adxudicados. Estar matriculado en calquera ensinanza, incluída a FCT, implica a renuncia a participar no proceso de admisión a ciclos formativos.
- **Non matricularse:** seguirase no proceso de adxudicación para os módulos nos que esté en espera.

3. Distribución de prazas por módulo

Distribución das prazas dispoñibles para cada módulo por ciclo e centro para grao medio e para grao superior ao comezo do proceso de admisión:

Cota xeral 90%
Cota do 10 % para persoas con discapacidade
Cota do 5 % a maiores para deportistas de alto rendemento

En cada cota as solicitudes ordénanse segundo a puntuación obtida ao aplicar o baremo establecido para o réxime de persoas adultas.

Estar matriculado en calquera ensinanza, incluída a FCT, implica a renuncia a participar no proceso de admisión en ciclos formativos

4. Prazos do proceso de admisión

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	Do 25 de xuño ao 3 de xullo ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	6 de xullo
Reclamación contra a listaxe provisional	Do 6 ao 10 de xullo ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	17 de xullo
1ª adxudicación	17 de xullo
Matriculación 1ª adxudicación	Do 17 ao 24 de xullo ás 13:00 horas
2ª adxudicación	27 de xullo
Matriculación 2ª adxudicación	Do 27 ao 31 de xullo ás 13:00 horas

Nota: lémbrese que as solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.

Período extraordinario de admisión	
1ª adxudicación*	4 de setembro
Matriculación 1ª adxudicación	Do 4 ao 7 de setembro ás 13:00 horas
Presentación de solicitudes	Do 3 ao 11 de setembro ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	13 de setembro
Reclamación contra a listaxe provisional	Do 13 ao 17 de setembro ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	19 de setembro
2ª adxudicación	19 de setembro
Matriculación 2ª adxudicación	Do 19 ao 21 de setembro ás 13:00 horas

* **Nota:** a 1ª adxudicación extraordinaria realizarase sobre as listaxes de espera do período ordinario.